

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 14 DE FEBREIRO DE 2024**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2024/00007716B.**

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2024/00007716B.**

Declaración de ausencia de conflito de intereses no expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultativa das obras de “Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal de Vite”. |

Os membros da Xunta de Goberno Local declaran ausencia de conflito de intereses no expediente de contratación Servizo de Dirección Facultativa das obras de “Rehabilitación Integral do Pavillón Municipal de Vite”.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00049271D.**

Aprobación do expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultiva das obras de “Rehabilitación integral do Pavillón municipal de Vite”, cofinanciado polo Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia e polo PIREP. |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultiva das obras de “Rehabilitación integral do Pavillón municipal de Vite”, cofinanciado polo Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia e polo PIREP, cun orzamento base de licitación de 48.400,00 € (base imponible de 40.000,00 € máis IVE do 21% de 8.400,00 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: aprobar o gasto correspondente por importe de 48.400,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 93302 6320001 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 1).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00056972J.**

Prórroga do contrato baseado nun acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de contratación da FEMP desde 01/03/2024 ata o 28/2/2025 |

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do “Contrato baseado nun acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de contratación da FEMP” (CON/38/2019), coa empresa ENDESA ENERGÍA SA, por un novo período dun ano a contar dende o 1 de marzo de 2024.

Segundo.- Aprobar os seguintes prezos unitarios que terán vixencia durante esta prórroga.

PRECIOS OFERTADOS ENDESA - (Prórroga nº4)							
Término de Energía "TE" €/kWh sin IE, con ATR							
Tarifa	Tarifa	TE	TE	TE	TE	TE	TE

Origen	Destino	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
2.0A	2.0TD	0,216471	0,159901	0,120402			
2.0DHA	2.0TD	0,214971	0,158601	0,119302			
2.1A	2.0TD	0,215771	0,159301	0,119802			
2.1DHA	2.0TD	0,215171	0,158101	0,118502			
3.0A	3.0TD	0,192717	0,166948	0,138164	0,136666	0,128355	0,118187
3.1A	6.1TD	0,164914	0,142949	0,121294	0,121787	0,114618	0,109330
6.1A	6.1TD	0,159714	0,144049	0,127294	0,120687	0,109218	0,109530

Terceiro.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 1.204.571,61 euros, IVE engadido nas seguintes aplicacións orzamentarias reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios

<i>Previsión de Consumos e Gastos correspondentes á facturación eléctrica para a 4ª prórroga do ano 2024/25</i>					
Aplicación ORZAMENTO	CONCEPTO	01/03/2024 - 31/12/2024	01/01/2025 - 28/02/2025	Total 4ª prórroga	
040 92000 2210000	GRUPO 1 - Administración Xeral	LOTE 1	175.698,48	58.566,16	234.264,64
		LOTE 2			
		LOTE 3			
040 32300 2210000	GRUPO 2 - Educación	LOTE 1	133.818,99	44.606,33	178.425,32
		LOTE 2			
		LOTE 3			
040 33403 2210000	GRUPO 3 - Centros Socioculturais	LOTE 1	71.653,21	23.884,40	95.537,61
		LOTE 2			
		LOTE 3			
040 34200 2210000	GRUPO 4 - Deportes	LOTE 1	135.074,30	45.024,77	180.099,07
		LOTE 2			
		LOTE 3			
040 16500 2210000	GRUPO 5 - Outros Subministrados	LOTE 1	387.183,73	129.061,24	516.244,97
		LOTE 2			
		LOTE 3			
TOTAL		903.428,71	301.142,90	1.204.571,61	

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2024/00005311K.**

Aprobación da proposta relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña para o Festival Rosalía 2024.

Acórdase:

Primeiro: que se proceda á aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a celebración do Festival Rosalía 2023 os días 23 e 24 de febreiro

Segundo: autorizar o gasto por importe total de 8.255,01 €.

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00007452T.**

| Dación de conta para a toma de razón das Sentenzas PO 255/2022 CA1 e PO 45/2023 CA1. Demandante: INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES, SAU. Obxecto: Local da rúa República do Salvador, 12. Equipamento sociocultural. |

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das resolucións xudiciais
2. Remítalas á Dirección de Área de Urbanismo (Sección de Xestión Urbanística) para o seu coñecemento e remisión, a efectos informativos, ao Rexistro da Propiedade no que se estea a tramitar a inscrición do inmovble.